

Proposta da Mesa pola Normalización Lingüística a todos os grupos parlamentares para a inclusión do PXNLG no Mandato marco da CRTVG

Durante as próximas semanas terá lugar no Parlamento de Galiza o debate da proposta de Mandato Marco da CRTVG que definirá os principais aspectos da Radio e Televisión pública.

A responsabilidade dos medios de comunicación coa lingua galega, aumenta se estes medios son de titularidade pública, e aínda máis se esa titularidade é da administración galega.

O nacemento da CRTVG favoreceu a apertura dun novo espazo para o galego do que até entón estivo excluído. O debate da proposta de Mandato Marco da CRTVG abre a posibilidade de actualización do papel normalizador, reproduutor e multiplicador da lingua que debe ter a CRTVG e que é a súa principal razón de existir.

O pasado 15 de xullo as principais organizacións políticas galegas comprometéanse coa aplicación do PXNLG, así como coa lexislación que ampara lingua galega, nomeadamente a Lei de normalización lingüística, a Carta europea das linguas e a Declaración universal dos dereitos lingüísticos.

1- Impulso ao papel normalizador da CRTVG

Con anterioridade, A Mesa pola Normalización Lingüística lanzou unha proposta de **6 medidas urxentes para a normalización da lingua galega** que partindo do propio PXNLG contemplaba o **impulso ao papel normalizador da CRTVG**, que debía introducir o seguinte:

a. Mellorar e ampliar a oferta de lecer infantil e xuvenil en galego na TVG e na RG.

b. Debates políticos plurais sobre temas de interese xeral de temática galega.

c. Intervención de persoas expertas que utilicen a lingua galega nos noticieiros e programas.

d. Programación ampla e específica sobre historia de Galiza. patrimonio galego, música en galego, literatura galega...

e. Acordos con outras canles, distribuidoras, produtoras para a dobraxe e lexendado de filmes e series en galego.

Ademais solicitabamos un convenio entre a CRTVG e a RTP para a recepción mutua do sinal tanto en territorio galego como portugués en función do que establece a Carta europea das linguas rexionais ou minorizadas que sinala no seu artigo 2.2: “As partes comprométense a garantir a liberdade de recepción directa das emisións de radio e televisión dos países veciños nunha lingua usada de forma similar ou idéntica á unha lingua rexional ou minoritaria, e a non opoñerse á retransmisión das emisións de radio e televisión dos países veciños na devandita lingua. Así mesmo, comprométense a garantir que non se imporán restricións á liberdade de expresión e á libre circulación da información na prensa escrita nunha lingua empregada de forma idéntica ou similar á unha lingua rexional ou minoritaria”.

2- A CRTVG no PXNLG

A Mesa pola Normalización Lingüística, a maior asociación de defensa da lingua de Galiza, quere facer chegar directamente a todos os grupos parlamentares estas propostas, e engadirille as comunmente compartidas e acordadas en setembro de 2004 coa aprobación do PXNLG, ratificado o 15 de xullo de 2015 por todas as organizacións políticas na Declaración de unidade a prol da normalización da lingua galega, concretamente no que atinxe ao

Parlamento galego polo Partido Popular, o Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE, Anova Irmandade Nacionalista, Esquerda Unida, Bloque Nacionalista Galego e Cerna.

Sinalamos en primeiro lugar os obxectivos que se fixaba o PXNLG segundo os sectores que gardan relación directa coa capacidade de actuación da CRTVG:

Sector educación familia e mocidade:

- Habilitar dentro da cultura xuvenil espazos de uso para o galego a través dunha oferta de produtos de demanda masiva no eido da cultura e do ocio (área de Educación, familia e mocidade)

Sector medios de comunicación e industrias culturais:

- Aumentar a presenza da lingua galega nos medios de comunicación de masas, nas industrias culturais (editoriais, audiovisuais, cinematográficas, etc.) e na publicidade, de tal xeito que se garanta unha oferta informativa, lúdica, cultural e formativa completa en galego.
- Asegurar neste sector un galego de calidade no que se conxuguen autenticidade, estandarización e funcionalidade.
- Promover que os medios públicos ofrezan unha programación prestixiadora da lingua

Sector Sociedade

- Promover unha oferta ampla e diversificada de produtos lúdicos en galego que combinen a diversión coa promoción dos valores humanísticos.

Sector Proxección exterior da lingua

- Impulsar a proxección da lingua e da literatura galega fóra de Galiza como manifestación dunha cultura diferenciada e como expresión social do pobo galego.

Medidas concretas contempladas polo Plan Xeral de Normalización da Lingua galega

Partindo destes obxectivos xerais de cada área, concretados tamén por cada sector no PXNLG, indicamos as medidas contempladas no Plan que consideramos que deben ter un encaixe axeitado dentro do Mandato Marco da CRTVG, coa certeza de que saberán introducir estas medidas no seu articulado da mellor maneira posíbel.

Sector 2: Educación, familia e mocidade.

2.3.7. Establecer os acordos precisos para dispoñer dunha oferta abonda e competitiva de produtos audiovisuais para a infancia (vídeos, DVD, etc.) dobrados e/ou subtitulados en lingua galega.

2.3.8. Aumentar a oferta en galego de programas nas televisións públicas destinados á infancia.

2.3.9. Propoñerlle á TVG que sitúe en horarios de maior audiencia o programa “Preescolar na casa”

2.4.9. Potenciar o mantemento no uso do galego ante persoas que empregan o castelán nas emisións audiovisuais (radio, televisión, etc.).

2.4.18. Establecer os acordos precisos para dispoñer dunha oferta abonda e competitiva de produtos audiovisuais en vídeo e en DVD en lingua galega, dobrados e/ou subtitulados.

2.4.19. Fomentar a dobraxe ao galego do cine exhibido en Galicia e garantir a súa distribución e exhibición en condicións de igualdade respecto do cine en castelán.

Sector 3: Medios de comunicación.

3.1.1. Imprimirlle á programación da CRTVG un carácter de maior modernidade.

3.1.2. Incrementar os medios para a formación en galego dos traballadores das radios e televisións, tanto públicas coma privadas, esixindo nas de titularidade pública para as novas contratacións un nivel lingüístico de calidade.

3.1.3. Facer un seguimento da calidade lingüística, especialmente a oral, dos medios de comunicación en Galicia.

3.1.4. Establecer normas para que os/as entrevistadores/as na Radio e Televisión de Galicia utilicen sempre o galego, a non ser en casos en que a condición da persoa entrevistada recomende utilizar outra lingua.

3.1.5. Emitir programas na TVG sobre a lingua, que teñan rigor, amenidade e que xeren interese ao redor da lingua.

3.1.6. Elaboración na CRTVG dunha axenda de especialistas nos máis diversos temas, cunha opinión autorizada e con dominio da lingua galega, aos que poder acudir cando a actualidade informativa esixa o comentario ou a valoración do especialista.

3.1.7. Dar maior presenza ás culturas de fala portuguesa en programas da TVG. Establecer algún acordo con canles de televisión do Brasil.

3.2.1. Promover a dobraxe ao galego de polo menos 10 filmes anuais, dos que presenten maiores expectativas comerciais.

3.2.2. Fomentar a publicidade e as campañas para consumir cinema en galego. .

3.2.4. Fomentarse que as producións nas que participen a Administración galega ou a CRTVG sexan distribuídas preferentemente en galego.

3.2.7. Sinatura de convenios coas principais distribuidoras para que inclúan a versión en galego nos filmes en soporte DVD.

3.2.8. Elaboración dun catálogo de vídeos e DVD que se poden mercar en galego, que será actualizado periodicamente e difundido pola Internet.

3.2.11. Promoción na CRTVG dos principais solistas e grupos que usen o galego.

Sector 6: Sociedade.

6.1.6. Transmitir a misa en galego dos domingos da TVG dende unha parroquia distinta, para que se vexan diferentes comunidades vivindo a fe en galego e se produza a emulación.

6.6.5. Reorientar a programación da CRTVG con programación musical, fílmica, reportaxes, series e debates de interese para rapaces e mozos.

6.6.10. Incorporar a produción cultural galega aos espazos de lecer e impulsar a aparición en galego de manifestacións dos xéneros e estética que hoxe teñen éxito entre rapaces e mozos urbanos.

Sector 7: Proxección exterior.

7.2.4. Aumentar a presenza de información sobre estas zonas na RTVG, creando mesmo, de ser posible, programas territoriais propios.

7.2.5. Iniciar conversas coas autoridades políticas de Asturias e de Castilla y León para facilitar a perfecta sintonía da RTVG en todas estas zonas.

7.3.1. Difundir, a través da Radio Galega e da TVG, o feito da conservación da lingua no uso familiar no estranxeiro, resaltándoo nas entrevistas daquelas persoas nas que esa conservación sexa evidente a pesar do paso dos anos.

7.3.17. Aumentar as emisións pola canle internacional da TVG de programas específicos para a emigración feitos en lingua galega.